

MATEMÁTICAS 1ºESO

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Para o BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas o grao mínimo de consecución coincide cós estándares de aprendizaxe referidos nese bloque.

BLOQUES 2, 3, 4 e 5:

- É quen de utilizar correctamente os números enteiros, as fraccións, os decimais para resolver exercicios e problemas relacionados coa vida cotiá.
- Desenvolve estratexias de cálculo mental.
- É capaz de realizar cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.
- Resolve problemas elixindo o método adecuado e interpretar correctamente o resultado.
- É quen de estimar e calcular expresións nas que aparezan números enteiros, fraccionarios e radicais básicos (baseadas nas operacións elementais e potencias de expoñente natural) aplicando correctamente as regras de prioridade e facendo un uso adecuado dos signos e as parénteses.
- Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.
- Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplícao a casos concretos.
- É quen de comprender os conceptos de múltiplo e divisor. Diferenciar números primos e compostos. Calcular correctamente o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo e aplícao a problemas contextualizados.
- É quen de calcular o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, e emprégaos para resolver problemas da vida real.
- Emprega adecuadamente os conceptos de fracción equivalente para resolver problemas. É quen de presentar os resultados fraccionarios como fraccións irreducibles. É capaz de expresar en forma decimal os resultados fraccionarios dos problemas.
- É capaz de realizar cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.

- Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.
- É quen de realizar correctamente operacións con monomios, resolver ecuacións de primeiro grao e problemas sinxelos mediante ecuacións.
- Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaaas para facer predicións.
- Comproba, dada unha ecuación, se un número é solución desta.
- É quen de formular alxebricamente unha situación da vida real mediante unha ecuación de primeiro grao. Resolve ecuacións sinxelas asociadas a situacións reais e interpreta o resultado obtido.
- É capaz de manexar as distintas unidades de medidas e as súas relacións, empregando convenientemente o factor de conversión, regra de tres simple (directa e inversa), e aumentos e descontos con porcentaxes, para resolver problemas relacionados coa vida cotiá.
- Recoñece, debuxa e describe os elementos e propiedades características das figuras planas.
- Utiliza correctamente o teorema de Pitágoras.
- Clasifica os triángulos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos. Coñece e emprega a propiedade da suma dos ángulos interiores dun triángulo. É quen de trazar as mediatrices, bisectrices, alturas e medianas dun triángulo.
- Utiliza as fórmulas adecuadas para obter lonxitudes e áreas das figuras planas nun contexto de resolución de problemas xeométricos.
- É quen de recoñecer e describir as propiedades características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías, etc.).
- Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e recoñece as súas simetrías.
- É capaz de identificar as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo.
- Resolve problemas, en contextos da vida real, nos que estea implícito o cálculo de perímetros e/ou áreas de triángulos, cuadriláteros e polígonos, ou outras figuras que se poidan obter a partires das anteriores.
- É quen de calcular a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, e aplícaaas para resolver problemas xeométricos.

- Analiza e identifica as características de corpos xeométricos, utilizando a linguaxe xeométrica axeitada.
- É quen de construír seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e con ferramentas tecnolóxicas axeitadas.
- Resolve problemas xeométricos nos que se faga uso do desenvolvemento plano de algúns corpos xeométricos (ortoedros, pirámides, cilindros).
- É capaz de resolver problemas da realidade que impliquen o cálculo de áreas e/ou volumes de prismas rectos, pirámides, cilindros, conos, esferas.
- Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas.
- É quen de pasar dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto. Obtén a gráfica e a táboa de valores a partir dunha fórmula.
- Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.
- É capaz de descubrir a información práctica de gráficas sinxelas (de trazo continuo) nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos naturais e da vida cotiá.
- É quen de recoñecer e representar unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obter a pendente da recta correspondente.
- Relaciona unha ou varias gráficas dadas coa súa ecuación lineal correspondente.
- Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa.
- Resolve cuestións sinxelas, sobre situacións reais que impliquen o descubrimento de relacións funcionais de tipo lineal ou afín. Dado o valor dunha magnitude, achar o valor correspondente doutra magnitude relacionada coa primeira mediante unha ecuación lineal ou afín.
- Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostras se empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos concretos.
- É quen de recoñecer e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas.
- Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente mediante un diagrama de barras, ou de sectores para os que ten que facer algúns cálculos.

- É quen de calcular a media, a moda e a mediana dun conxunto de datos non agrupados. Emprega os parámetros de centralización para resolver problemas nos que haxa que comparar grupos de datos.
- Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.
- Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central.
- É quen de presentar traballos sobre unha variable estatística analizada, empregando ferramentas tecnolóxicas.
- É quen de identificar, xustificadamente, os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.
- Utiliza a experimentación para coñecer un valor aproximado de probabilidade de certos experimentos aleatorios nos que non hai simetría baseándose nas frecuencias relativas.
- É quen de facer predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.